

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 25 DE SETEMBRO DE 2006**

### **2.- Solicitudes de licenzas de obras.**

#### **FAVORABLES.-**

- 1594/06.- Inmobiliaria Vázquez y Vizcaíno, S.L.**- Legaliz. das modificacións executadas na edificación sita na parcela C-3 do quinteiro "C" do Polígono único do Plan Parcial de Sar.-  
**1673/06.- Xunta de Galicia (Cons. Educación e Ordenación Universitaria).**- Substitución de cuberta no edificio central do IES sito en Lamas de Abade.-  
**49/05.- Cureal, S.L.**- Edificio (2 viv. 1 apartamento), na Rúa Valiño núm.98, San Lázaro.-  
**1433/05.- Ramón Fernando Mera Cao e Mónica Castro López.**- Adición dunha planta baixo-cuberta para adicala a trasteiros na viv. unif. executada na Rúa Chan de Curros núm.28.-  
**1592/06.- Manuel Iglesias Suárez.**- Legaliz. modificacións en viv. unif. sita no Lugar de Os Vilares, Meixonfrío.-

#### **CAMBIO TITULARIDADE E PRÓRROGA.-**

- 2358/05.- David Caramés Pombo.**- Licenza concidida a José Iglesias Alcalde para acondicionamento de edificación e apertura da actividade de hotel e café-bar na R/ Casas Reais núm.18.-

#### **DEVOLUCIONES DE FIANZAS.-**

- 2161/05.- Faresa Promociones Inmobiliarias, S.L.**.....Expte..316/02.....2.387 €.-

#### **APERTURAS.-**

- LAP/288/06.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.**- Licenza de funcionamento de garaxe na Rúa Ponte do Sar núm.33.-  
**AP/147/99.- Manuel Canedo Pombo.**- Apertura café-bar na Rúa da Espiñeira núm.8.-  
**AP/309/00.- Mauro Antelo Rivas y Otros, S.C.**- Café-bar especial na Rúa da Algalia de Abaixo núm.22-baixo e semisoto.-

#### **OCIHR LICENZAS.-**

#### **FAVORABLES.-**

- **LIC/296/2006.- JACOBO PEREZ PAZ.**- Rehabilitación de edificio destinado a vivenda unifamiliar na Rúa San Bieto nº 6.-
- **LIC/2612/2005.- MARÍA ISABEL CASTRO VILARNOVO.**- Rehabilitación e ampliación de inmoble na Rúa Entregaleras nº 2.
- **LIC/1444/2006.- CAIXANOVA.**- Demolición previa a rehabilitación para centro socio-cultural na Praza de Cervantes nº 14-20.

#### **DESFAVORABLES.-**

- **LIC/1406/2006.- Mª LOURDES ARCEO ALONSO.**- Segregación de inmoble sito na Rúa de San Pedro nº 64.-

**7.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios.**

Apróbase o aboamento de horas extra por servizos extraordinarios por un importe de 53.671 euros.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á prórroga de contratos das auxiliares administrativas para a revisión do Plan Xeral.**

Apróbase a prórroga do contrato por obra e servizo a 3 auxiliares.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco histórico relativa á aprobación da memoria-programa das actuacións na área de rehabilitación integral do polígono de Vista Alegre.**

Apróbase a memoria relativa ás actuacións na área de rehabilitación integral do polígono de Vista Alegre, adaptada ao número de actuacións (200) propostas pola Consellería de Vivenda e Solo para a primeira fase do futuro convenio de colaboración.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á contratación dun traballador para o programa EQUAL.**

Apróbase a contratación dun traballador, procedente das listas de administrativo, para realizar as funcións e actividades de administración e secretaría do programa Equal Compostela Social.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación dos convenios de colaboración entre o Concello e a Fundación SANTIAGO CENTRO AREA COMERCIAL, AGRUPACIÓN DE COMERCIANTES DE SANTIAGO E MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO.**

Apróbase a sinatura de varios convenios de colaboración coas devanditas entidades por un importe total de 60.000 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á concesión inicial dos premios do concurso de novas ideas empresariais COMPOSTELA ACTIVA 2006.**

Apróbase o outorgamento dos premios do concurso de Novas Ideas Empresariais Compostela Activa 2006 aos seguintes proxectos empresariais:

- edición xeral:

Primeiro premio (5.000 euros), ao proxecto **Arrendamientos Tecnológicos y Servicios, S.L.**  
Segundo premio (4.000 euros), ao proxecto **Darredor, deseño cultural, S.C.**

Terceiro premio (3.000 euros), ao proxecto Maritza Abeleira. **Centro de Formación en moda.**

- ideas empresariais promovidas por mulleres:

Primeiro premio (5.000 euros), ao proxecto Gazafello, S.C.

Segundo premio (4.000 euros), ao proxecto **Mercedes Morigosa, Catering.**

Terceiro premio (3.000 euros), ao proxecto Maritza Abeleira. **Seiva, servizos integrais de educación e calidade, S.C.**

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á concesión pola Deputación da Coruña dunha subvención ao Concello para o programa COMPOSTELA ACTIVA 2006.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da recepción dunha subvención por parte da Deputación da Coruña para o desenvolvemento do programa de Actividades Compostela Activa 2006 por un importe de 42.976 euros.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación da presentación do estudo sobre o sector comercial e a hostelería no municipio de Santiago, e o seu orzamento.**

Apróbase a realización do estudo cun importe de 5.300 euros.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á modificación do acordo de 2 de agosto de 2006 sobre a asistencia técnica para a coordinación pedagóxica de distintos cursos.**

Apróbase a modificación.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á posta a disposición do Ministerio de Fomento dos terreos para a realización das obras do proxecto denominado "Seguridade vial. Movemento de xiro dende o novo acceso a Santiago. SC-12 (Cornes-Castiñeiriño) cara ó novo acceso a Santiago SC-20 (Cornes-Choupana).**

Apróbase a posta a disposición do ministerio de Fomento, para a realización das obras do proxecto coñecido como o "cuarto movemento", o solo previsto.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á designación de arquitecto supervisor das obras incluídas no proxecto de adaptación nas instalacións de auga quente sanitaria nos recintos deportivos do Concello de Santiago para adecualas ó RD 865/2003. FASE 2.**

Apróbase a designación de Tomás Rivas como arquitecto supervisor das devanditas obras.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á desestimación da folla de aprecio presentada por dona María Rodríguez García en relación co proxecto técnico de expropiación para a execución da urbanización da parcela de Monte Pío e do seu contorno con destino a parque público e usos institucionais.**

Desestímanse as alegacíons de desconformidade coa valoración aprobada no expediente presentadas por María Rodríguez García por estar presentadas fóra do prazo establecido no artigo 143 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**19.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación do proxecto de Ordenanza xeral reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integral.**

Apróbase o devandito proxecto.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á designación de arquitecto supervisor das obras de urbanización e parque público da Finca do Espiño.**

Apróbase a designación de Enrique Seoane como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución do Proxecto de Urbanización e Parque Público da Finca do Espiño.

**21.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á designación de arquitecto supervisor das obras de construcción da escola infantil de San Roque.**

Apróbase a designación de Enrique Seoane como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución das obras de construcción da escola infantil de San Roque.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación dos gastos da acometida, execución e alta do contrato con FENOSA para o centro do Ensanche.**

Apróbase a financiación dos devanditos gastos con cargo ao convenio subscrito coa Deputación da Coruña.

**24.- Aboamento da subvención para os actos da festividade padroal de Santa Rita 2006.**  
Apróbase o devandito aboamento por un importe de 10.080 euros.

**25.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de equipamento para a modernización e reforma de alumeados públicos en Reboreda, Igrexa, Tras-Igrexa e Portela na parroquia de Villestros.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativa así como o inicio do expediente para a citada contratación por un importe de 26.145 euros.

**26.- Adxudicación da adquisición 4 licencias Creative Suite Premium 2 E Win e 1 CD Creative Suites Premium 2 E Win.**

Apróbase a devandita adquisición, por un importe de 8.000 euros.

**27.- Adxudicación da implantación do sistema de Xestión de Expedientes AUPAC na oficina de rehabilitación do Concello.**

Apróbase a adxudicación ao Grupo Meana, S.A., por un importe de 6.888 euros.

**28.- Adxudicacion do arrendamento de bens móveis para a realización das actividades formativas do Curso de formación ocupacional de Domótica.**

Apróbase o aluguer de 2 entrenadores domóticos á empresa “Ielec ind. Y Elect., S.L.”, por un importe de 10.306 euros.

**29.- Adxudicación do subministro de 60 pistolas, fundas, cargadores e cartuchos para a Policía Local.**

Apróbase a adxudicación á empresa Peres Sport, S.L., por un importe de 36.888 euros.

**30.- Prórroga do contrato de seguro de asistencia sanitaria para o persoal do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase a prórroga por un ano.

**31.- Dar conta de corrección de erro no acordo de 4 de setembro de 2006, de adxudicación do subministro de consumibles de material informático.**

Dáse conta da corrección do erro.

**32.- Dar conta da aceptación dunha subvención concedida ao Concello pola FEMP.**

Dáse conta das dúas liñas de subvención concedidas por un importe total de 12.000 euros.  
(Liña de apoio I: 6.000 euros; Liña de apoio II: 6.000 euros).

**33.- Dar conta da sinatura do protocolo de compromisos entre o Concello e o SERGAS relativos ao convenio de cooperación para programas de tratamiento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas.**

Dáse conta do convenio asinado, por un por un importe de 594.227 euros.